

Concello de Viveiro

EXPTE.-5686/2017

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Á vista da publicación no Boletín Oficial da Provincia número 239, de 18 de outubro de 2017, da convocatoria e bases polas que se inicia o proceso e se establecen as normas para a selección de persoal para a creación de listas de emprego temporal no Conservatorio Profesional de Música do Concello de Viveiro.

Á vista da publicación no Boletín Oficial da Provincia número 241, de 20 de outubro de 2017, da corrección de erros da convocatoria, bases e anexo de dito proceso.

Vista a base xeral 9, que sinala “ O Presidente do Tribunal de selección, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante a Alcaldía. A dita proposta publicarase no Taboleiro de edictos do Concello de Viveiro e na súa páxina web (www.viveiro.es). ”

Tendo en conta a proposta de selección presentada polo Tribunal no que literalmente dí:

“ Á vista da lista dos aspirantes seleccionados, o Tribunal para cumprimento da base xeral 9, propón a seguinte orde de aspirantes para a súa incorporación na lista de emprego para cubrir, con carácter provisorio, as necesidades urxentes e imprescindibles que se produzan como docente na **ESPECIALIDADE MUSICAL DE VIOLA** ante a Alcaldía do Concello de Viveiro.

Apelidos e nome	DNI
Rodríguez Morente Ricardo	469001895

”

Vista a base xeral 12, que sinala “ Á vista da proposta do Tribunal de selección e constatado que os aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para acceder ás listas as que se optan, a Alcaldía resolverá o procedemento selectivo decidindo a confección de tales listas de emprego de carácter provisional.”

Tendo en conta que os aspirantes propostos polo Tribunal acreditaron os requisitos esixidos para acceder a lista de **ESPECIALIDADE MUSICAL DE VIOLA**.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aceptar a proposta do Tribunal relativo ao procedemento selectivo para a confección das listas de emprego de carácter provisional, na **ESPECIALIDADE MUSICAL DE VIOLA**, sendo a lista de emprego a seguinte:

Apelidos e nome	DNI
Rodríguez Morente Ricardo	469001895

SEGUNDO.- Publicar dita lista de emprego na **ESPECIALIDADE MUSICAL DE**

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

VIOLA no taboleiro de edictos do Conservatorio de Música, no Taboleiro de edictos do Concello de Viveiro e na súa páxina web (www.viveiro.es).

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución ao Director do Conservatorio.

Contra a lista definitiva, os seleccionados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa ,

Ante min, a Secretaria, ós efectos do
artigo 2.E do Real Decreto 1174/1987,

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147